

## XESTIÓN AMBIENTAL EN JEALSA-RIANXEIRA, S.A.

MONTSERRAT PIÑEIRO RIVEIRO  
Departamento de Medio Ambiente  
Jealsa-Rianxeira, S.A.

*Recibido:* 20 setembro 2002

*Aceptado:* 25 novembro 2002

---

**Resumo:** No coidado do medio natural, a empresa desenvolve un sistema de xestión ambiental que posteriormente certifica e formaliza segundo os criterios da norma ambiental UNE EN ISO 14001:1996, neste caso.

Este SXA é a ferramenta mediante a que a empresa planifica, realiza, controla e mellora a súa xestión ambiental.

**Palabras clave:** Aspecto ambiental / Política ambiental / Procedemento / Sistema de xestión ambiental.

### JEALSA-RIANXEIRA'S ENVIRONMENTAL MANAGEMENT

**Abstract:** In order to care for the environment and minimize every environmental aspects and impacts, the firm unrolls an environmental management system that is certified according to UNE EN ISO 14001: 1996.

It is the tool for planing, doing, controlling and constantly improving its environmental management.

**Keywords:** Environmental aspect / Environmental policy / Procedure / Environmental management system.

---

## 1. EMPRESA E MEDIO AMBIENTE

Entre as múltiples definicións que podemos atopar, definímo-lo *medio natural* como a contorna na que unha organización opera, incluíndo o ar, a auga, a terra, os recursos naturais, a flora, a fauna, os seres humanos e as súas interrelacións.

Así mesmo, definímo-los conceptos de *aspecto ambiental* como calquera elemento das actividades, dos produtos ou dos servizos dunha organización que pode interactuar co medio natural e entendemos por *impacto ambiental* calquera cambio no medio natural, sexa adverso ou beneficioso, resultante en todo ou en parte das actividades, dos produtos e dos servizos dunha organización.

É indubidable, xa que logo, que toda actividade desenvolvida por unha empresa interacciona positiva ou negativamente co medio natural (aspecto), chegando a modificalo de forma adversa ou beneficiosa (impacto).

Non é estraño, xa que logo, que a obtención de permisos para novas instalacións ou que as modificacións importantes nas que xa funcionan requiran dun exhaustivo estudio sobre cómo a actividade lle afectará á contorna, desde o medio físico ata as relacións humanas, dentro do espazo temporal presente (sen instalacións), co de-

senvolvemento da actividade e estudando a recuperación da contorna tralo período de explotación.

No día a día, a empresa debe coidar esa relación co medio natural e mantela en condicións óptimas e mellorables, establecendo para iso un sistema de xestión ambiental.

## **2. SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL: NOCIÓNS TEÓRICAS**

### **2.1. DEFINICIÓN**

Un *sistema de xestión ambiental* (SXA) é aquel polo que unha compañía controla as actividades, os produtos e os procesos que causan, ou que poderían causar, impactos sobre o medio natural, minimizando así os impactos ambientais das súas operacións.

Os sistemas de xestión ambiental poden ser formais e estar normalizados, como é o caso dos que seguen as normas ISO 14001 e EMAS, ou poden ser informais como un programa interno de redución de refugallo ou os medios e métodos non documentados polos que unha organización xestiona a súa interacción co medio natural.

### **2.2. DOCUMENTOS OU NORMAS DE REFERENCIA**

Existen unha serie de documentos ou normas que permiten desenvolver e implantar un sistema de xestión ambiental:

- Normas nacionais: son adaptacións da Norma BS 7750, do British Standards Institution (ata hai pouco era a única fronte á que se podían emitir certificados de conformidade) con algunhas pequenas diferencias e establecen os requisitos dos SXA como orientacións para implantalos.
- Regulamento europeo 1836/93: coñécese como Regulamento EMAS; establece os requisitos dos sistemas de xestión ambiental e os sistemas de auditoría ambiental (inspirados nos da BS 7750), pero inclúe a obriga de realizar unha declaración pública que debe ser verificada. Os requisitos para acredita-los verificadores ambientais veñen, así mesmo, definidos neste regulamento. É de aplicación directa nos estados membros da UE desde abril do ano 1995.
- Normas internacionais: coñécese como as normas ISO 14000 cuns requisitos que son moi similares ós da norma BS 7750. A ISO 14000 é unha familia de normas internacionais para a xestión ambiental, aplicable a organizacións de todo tipo e dimensións, e de diversas condicións xeográficas, culturais e sociais.

### 2.3. FAMILIA ISO 14000

Como Jealsa-Rianxeira, S.A. implantou o seu sistema de xestión ambiental segundo os requisitos desta norma, afondamos un pouco máis no seu coñecemento.

A ISO 14001, primeira da familia, especifica os requisitos que debe cumprir un sistema de xestión ambiental que sexa certificable. Esta norma garda unha ampla relación co ciclo de Deming, base das súas etapas de desenvolvemento; así mesmo, posúe similitudes e diferencias co EMAS ambiental e coas normas ISO 9000 de calidade.

#### 2.3.1. Etapas na implantación dun SXA

A norma desenvolve os seus requisitos en varias etapas segundo o ciclo de Deming:

- *Planificar*: escribi-lo que se pretende facer.
- *Facer*: levar a cabo o que se escribiu.
- *Comprobar*: confirmar que se fai o que se escribiu.
- *Actuar*: revisar e mellora-lo sistema.
- E unha mellora *continua* ambiental figura como peche e comezo de novas actuacións ambientais.

Cada etapa conforma unhas accións ambientais e unha documentación propias:

- Planificación (“Plan”):
  - Revisión ambiental inicial.
  - Rexistro de aspectos e de impactos.
  - Política ambiental.
  - Lexislación e regulación ambiental.
  - Obxectivos e metas ambientais.
- Implantación e funcionamento (“Do”):
  - Estructura e responsabilidades.
  - Procedementos ambientais.
  - Formación e concienciación ambiental.
  - Comunicación ambiental.
  - Manual de xestión ambiental.
  - Control da documentación.
  - Control das operacións.
  - Control e resposta ante emerxencias ambientais.

- Comprobación e acción correctora (“*Check*”):
  - Monitorización e medición.
  - Non conformidade do SXA, corrección e prevención.
  - Rexistros ambientais.
  - Auditoría do SXA.
- Revisión da xestión (“*Act*”), que nos leva a unha *mellora continua* do sistema de xestión.

### 2.3.2. Proceso de certificación ISO 14001

A *certificación* dun sistema de xestión ambiental defínese como o proceso de verificación sistemático (con metodoloxía preestablecida), documentado (os datos utilizados garanten a súa fiabilidade de forma documental) e obxectivo (reflicte fielmente a realidade) que determina a adecuación da xestión ambiental ós criterios da norma.

Unha breve descrición do proceso de certificación dun SXA segundo a norma ISO 14001. Pasos:

- Declarar que o SXA cumpre a norma: significa que a compañía audita o seu propio SXA e toma como referencia as especificacións establecidas na norma.
- Solicita-lo recoñecemento por parte de segundos de que o SXA cumpre cos requisitos da norma: unha organización distinta da interesada (clientes, subministradores, asesorías...) declara o cumprimento dos requisitos da norma, sen máis valor engadido.
- Solicitar unha certificación por parte de terceiros: un organismo independente de certificación acreditado, autónomo e independente, audita o seu SXA e declara oficialmente que este cumpre cos requisitos da ISO 14001.

O desenvolvemento da certificación comprende:

- Avaliación preliminar: algúns certificadores ofrecen a opción dunha “análise diferencial” entre o SXA da empresa e os requisitos principais da ISO 14001: identifica áreas problemáticas, revisa a documentación e realiza unha visita ó lugar de operacións.
- Avaliación principal: ten lugar logo de resolver as diferencias atopadas durante a revisión preliminar. Consiste nunha avaliación detallada dos compoñentes do SXA (a miúdo dura varios días) tomando como referencia os requisitos da ISO 14001.
- Certificación: se a avaliación é favorable, o certificador acreditado expide un certificado para a organización e notificallo ó organismo nacional responsable da supervisión da implantación da ISO 14001 do seu país.

- Vixilancia: o sistema é avaliado periodicamente polo organismo de certificación para asegura-lo cumprimento continuo da norma ambiental.

### 2.3.3. Repercusións económicas da xestión ambiental

A xestión ambiental supón para a empresa un cambio de actitude que lle afectará a toda a súa estrutura organizativa, ás operacións internas da empresa e ás relacións cos diversos axentes externos (clientes, subministradores, competencia, administración pública...). Este cambio terá como principais obxectivos:

- Conseguir-la plena satisfacción do cliente, cada vez máis preocupado pola degradación progresiva da nosa contorna.
- Cumprir-las disposicións legais que lle sexan aplicables.
- Establece-las ferramentas de xestión oportunas para a consecución dunha mellora ambiental continua.

A introducción de consideracións ambientais na xestión da empresa implicará novos custos e beneficios económicos.

Os custos poden deberse principalmente a factores como, entre outros, os seguintes:

- A posible depuración de augas residuais, se aínda non o fan.
- A xestión adecuada de refugallos perigosos, se aínda non se está levando a cabo.
- A obtención de certificación e/ou validación do seu SXA.

Os beneficios observados nun primeiro momento como intanxibles, unha mellora da imaxe da empresa ou o coidado paisaxístico que non ten prezo no mercado convértese en significativos no estudio de tres grandes apartados:

- *A redución de custos*: aínda que nun primeiro momento se produza un incremento dos custos, a longo prazo supón a mellora da xestión xeral da empresa, a confianza dos directivos, así como un aforro debido ó mellor aproveitamento dos recursos, da minimización de refugallos, das emisións e vertidos, do reciclado de produtos residuais e do aforro de eventuais multas por incumprimento da normativa ambiental.
- *A redución de riscos*: identifícanse os posibles riscos ambientais e o modo de actuación en caso de emerxencia o que implica a implantación de mecanismos de formación, información e comunicación. Ademais, optimízanse os procedementos operativos definindo con claridade as responsabilidades, cumprindo as disposicións legais, estudiando a implantación de tecnoloxías limpas economicamente viables e deseñando produtos de menor impacto ambiental.


- *As vantaxes competitivas*: tradúcense nun aumento da credibilidade, na mellora da imaxe, nas ferramentas de *marketing*, no aumento das vendas...

### 3. JEALSA-RIANXEIRA, S.A.

#### 3.1. PRESENTACIÓN

Dedicada á elaboración de conservas de peixe e de marisco, Jealsa-Rianxeira, S.A. foi fundada no ano 1958 polo emprendedor home de negocios D. Jesús Alonso Fernández, actual presidente do seu consello de administración. A pequena conserveira situada á beira da ría de Arousa creceu e hoxe en día preséntase como un grupo conserveiro con importantes e ascendentes cifras de negocio, con excelentes cotas de mercado tanto nacional coma internacional e cun incremento do número de empregados no mercado laboral.

De seguido, mostramos nun pequeno esquema o grupo de empresas Jealsa Rianxeira S.A.



#### 3.2. INTRODUCCIÓN

Pola súa localización xeográfica ás beiras da ría de Arousa, aínda que a última planta adquirida, a firma Escurís, S.A., se afastou uns metros cara ó interior, o

grupo conserveiro establece unha relación íntima co medio no que desenvolve a súa actividade, especialmente o mariño, xa que se atopa nunha zona dunha intensa actividade marisqueira e con numerosas zonas de baño dentro dun especial marco paisaxístico que constitúe a ría. Debido a esta privilexiada localización, foi fundamental e prioritario establecer un compromiso de respecto e de coidado da contorna natural, o cal ten a súa orixe na alta dirección da empresa, desde onde se transmitiu a todo o persoal relacionado directa ou indirectamente coa empresa; como ferramenta de axuda implántase un sistema de xestión ambiental de tipo informal, nos seus comezos, que posteriormente se adapta ós requisitos requiridos na norma UNE EN ISO 14001:1996 co fin de obter a certificación correspondente.

Actualmente dúas plantas do grupo –Jealsa 1 (Bodión) e Boiro Energía, S.A. (coxeración)– se atopan certificadas segundo esta norma (o presente traballo céntrase nelas); unha terceira planta –Escurís, S.A.– está en fase de implantación desta norma.

### **3.3. A NOSA ACTIVIDADE**

#### **3.3.1. Boiro Energía, S.A.**

En liñas xerais, Boirsa posúe sete motores de 5.000 cv/Ud. que xeran un total de 24,9 MW, electricidade suficiente para 8.000 vivendas e para a subministración de enerxía térmica e eléctrica da planta conserveira de Bodión. O proceso baséase na produción de enerxía eléctrica e de vapor de auga que se obtén subministrándolles fuel Nº1 e gasóleo ós motores. Os parámetros de calidade (poder calorífico, densidade, viscosidade...) son analizados no laboratorio de planta e, para estudos comparativos, laboratorios externos reciben mostras dos combustibles.

Os refugallos xerados pola actividade xestiónanse como asimilables a urbanos (restos orgánicos, *bricks*...), industriais (papel limpo, cartón limpo, restos de chatarra) e perigosos (aceites usados, mestura de auga e de hidrocarburos, cartóns e trapos con restos de hidrocarburos, aerosois, fluorescentes, pilas...), todos eles cunha correcta e estrita xestión antes e despois de enviárllelos a xestores autorizados.

#### **3.3.2. Jealsa-Rianxeira (Bodión)**

Cun cadro de persoal que alcanza os 1.200 empregados na época de maior produción, esta planta elabora exclusivamente conservas de atún. Conta cunhas instalacións perfectamente definidas para cada fase do proceso: recepción, corte, cocción, limpeza, envasado, esterilización, lavado, estoxado e almacén; paralelamente, os estritos controis de calidade desenvolvidos nos seus laboratorios e a implicación de todo o persoal directa ou indirectamente relacionado coa actividade son o aval de garantía de calidade desde calquera perspectiva.

A variedade de refugallos xerados clasifícanse dentro dos tres grupos definidos para Boinersa. Así temos: refugallos asimilables a urbanos, refugallos industriais (plástico limpo, sucio e duro, papel limpo, cartón, latas rexeitadas, lodo da depuradora, chatarra, madeira...) e refugallos perigosos (sólidos con hidrocarburos, aceite usado, filtros, aerosois, fluorescentes, pilas...).

En ámbalas dúas plantas o pilar básico é a dirección: fonte dos recursos materiais, económicos e humanos necesarios e punto de partida de numerosos proxectos de investigación no eido ambiental.

Así, a comezos da década dos anos noventa considera necesario, dadas as perspectivas de expansión, realizar un estudo detallado das augas do proceso en cada área de operación; froito das conclusións obtidas é a instalación dunha planta depuradora, pioneira no tratamento biolóxico de depuración cunha fase inicial anaerobia, unha posterior aerobia e a ausencia total de procesos químicos.

Apoiou igualmente proxectos dentro da liña de minimización, aproveitamento e valorización dos refugallos xerados en planta, como por exemplo a “investigación sobre aproveitamento dos subproductos orixinados no proceso de túcidos na industria conserveira para a súa redución e valorización industrial como un novo produto diferenciado de alimento para animais”, ou o “desenvolvemento de procesos para a obtención de lípidos de alto valor engadido a partir de subproductos da fabricación de peixes”. Estes estudos en concreto xeraron dúas novas plantas de transformación para estes subproductos. Un terceiro exemplo é a “implantación e certificación dun sistema de xestión ambiental ISO 14001 no centro de conservas de atún no Bodión” que posibilitou o noso camiño cara á certificación.

Varios destes proxectos contaron con subvencións da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia; outras subvencións foron denegadas sendo a empresa o único soporte financeiro para os ditos proxectos.

#### **4. XESTIÓN AMBIENTAL EN JEALSA-RIANXEIRA, S.A.**

Como xa se apuntou anteriormente, por posuír UNE EN ISO 14001: 1996, centrárase a explicación dos pasos dados cara á citada certificación en Jealsa-Rianxeira (conserveira Bodión) e Boinersa (planta de coxeración). As plantas restantes do grupo desenvolven o mesmo sistema de xestión pero carecen de certificación formal, aínda que Ecurís demostra que só é unha cuestión de tempo.

##### **4.1. OS COMEZOS**

No último trimestre do ano 1998 chama a atención a carreira vertixinosa que están tomando as lexislacións comunitaria e española: constantemente novas publicacións lexislativas obrigan a un maior control de parámetros, a melloras tecnolóxi-



cas que requiren de investimentos importantes porque “a nova lexislación sobre...” así o esixe.

Outro punto básico como é a “satisfacción do cliente” non é simplemente calidade do produto, senón que cómpre responder ás súas inquietudes persoais, das que forma parte o medio natural. Cada día é maior o número de visitantes, de auditorías de clientes e de firmas comerciais que comprobaban a calidade dun produto elaborado con “calidade ambiental”; saber qué se fai coas augas sucias do proceso, cómo se xestionan os refugallos, de qué medidas se dispón para previr a contaminación coas nosas chemineas... son cuestións que cómpre responder e demostrar satisfactoriamente.

Os controis analíticos nos distintos eidos ambientais –augas, emisións, rúidos...–, a xestión dos refugallos, a actualización de documentos administrativos (permisos, licencias...), as normas lexislativas de aplicación, as actuacións definidas do persoal no desenvolvemento das súas tarefas, os proxectos ambientais... eran e son as prácticas diarias da nosa actividade; sen embargo, neste terreo carecíase de terminoloxía ambiental propia.

Este foi o punto de arranque: a dirección impulsa unha liña de traballo no campo ambiental e destina para ela medios humanos e económicos. Fálase por primeira vez de xestión ambiental, lonxe de calquera idea de certificación.

Construíuse Boinersa como centro físico de traballo e de estudo.

A primeira tarefa foi unha compilación da lexislación que había que aplicar; o departamento lexislativo dunha firma de asesoramento ambiental colaborou (e continua colaborando hoxe en día) como servizo de actualización lexislativa. Compróbase o cumprimento legal en tódolos campos ambientais, desde emisións, vertidos, ruído, refugallos, augas...

No paso seguinte realizáronse diagramas de fluxo dos procesos, coas súas entradas e saídas, produtos e refugallos, co obxectivo de mellorar a actuación ambiental. Paralelamente, establecéronse canles de comunicación internas –co persoal de planta, a nosa fonte de coñecemento da actividade– e externas –cos xestores e transportistas de refugallos autorizados.

Axudados polo persoal, redactouse cómo se levaban a cabo as distintas tarefas que conformaban a actividade. Estes coñecementos capacitáronnos para elaborar un primeiro listado no que se recollen os aspectos e os impactos ambientais xurdidos da actividade da planta.

Todo o que se estaba facendo respondía ós requisitos que un sistema de xestión ambiental formal demandaba. A dirección propón avaliar a “distancia real”.

#### **4.2.1. Revisión ambiental inicial**

O distanciamento entre as prácticas ambientais actuais e as dun SXA funcional avalíanse a través dunha revisión ambiental inicial.

A *revisión ambiental inicial (RAI)* é o primeiro paso para desenvolver, implantar e manter un SXA funcional.

Consiste en determinar, mediante unha análise diferencial, o grao de achegamento das nosas prácticas ambientais actuais para as que se require un SXA funcional. Para iso un *equipo de revisión* recolle, seguindo unha metodoloxía preestablecida (a modo de auditoría), evidencias que son obxecto de estudo e de avaliación.

O informe da RAI contén uns puntos mínimos que hai que desenvolver.

Asesores técnicos ambientais e persoal propio da empresa formaron o equipo de revisión nos estudos RAI realizados para Jealsa-Rianxeira (Bodión) e Boinersa.

No informe final fíxose referencia a:

- Obxectivos da revisión.
- Equipo técnico de realización.
- Descrición da empresa e unidades auditadas.
- Desenvolvemento do diagnóstico.
- Normas técnicas e lexislación aplicable.
- Recollida de evidencias.
- Avaliación do cumprimento da normativa legal.
- Táboa síntese de diagnóstico.
- Situación da empresa con respecto ás esixencias da norma.
- Recomendacións para a implantación efectiva.
- Conclusións relevantes.

O diagnóstico da RAI presentóuselle á dirección.

A empresa, e particularmente a dirección, teñen un *compromiso ambiental* co medio onde exerce a súa actividade e desexan materializar ese compromiso con actuacións ambientais correctas e mellorables, dotando os recursos necesarios: establecer un SXA funcional e certificalo formalmente é a mellor opción.

### 4.3. A CERTIFICACIÓN

Aínda que o informe da RAI nos deixaba relativamente próximos no camiño de lograr unha certificación do SXA, agardábase unha tarefa importante e comezouse por establecer uns *plans de actuación* nos que se definiron:

- As metas que había que lograr (as nosas intencións de certificar a planta segundo os requisitos da UNE EN ISO 14001 non polo EMAS nun determinado prazo temporal).

- Os recursos humanos (ós recursos propios da empresa sumouse o persoal técnico ambiental dunha asesoría especializada) e técnicos necesarios.
- A asignación de responsabilidades.
- Un sistema de control e de comunicación dos progresos.

#### 4.3.1. Certificación de Boinersa

- Elaborouse un *segundo plan de actuación* que tiña como misión principal definir e rexistrar, de modo escrito e en soporte informático, unha estrutura formal do sistema de xestión (manual, procedementos, instrucións, rexistros). A información, a formación e a colaboración do persoal é clave no desempeño desta tarefa.
- Definíronse sistemas de avaliación de aspectos e de impactos, establecéronse principios básicos de revisión de programas e actuacións concretas en cada un dos procedementos do sistema. Este foi o paso de desenvolvemento máis complexo.
- A partir do diagnóstico inicial naceron os principios básicos da política ambiental (difundida a todo o persoal implicado directa ou indirectamente na actividade e que se atopa á disposición do público) e establecéronse os primeiros obxectivos e metas ambientais.
- Así mesmo, a RAI contribuíu a mellora-lo control operacional de refugallos, augas, ruídos e solo (aumenta o número de parámetros de control, novas análises, formalización de rexistros...).
- Comunicación externa: o SXA e maila política ambiental foron presentados a subministradores, xestores e transportistas autorizados, subcontratacións...
- Localizouse toda a documentación administrativa da planta.

Durante cinco meses recompilouse lexislación, deseñáronse diagramas de fluxo dos distintos procesos de planta, revisouse a documentación administrativa, estableceuse unha comunicación cos xestores, cos subministradores..., e sumáronse nove meses máis para formaliza-lo sistema de xestión ambiental segundo os requisitos da norma UNE EN ISO 14001.

#### 4.3.2. Jealsa-Rianxeira (Bodión)

“Os mesmos requisitos e unha estrutura de traballo similar” pensouse con acerto, aínda que cun pequeno detalle: *desenvolver unha conciencia ambiental “única” en 1.200 persoas supoñía todo un reto.*

O equipo de traballo conservou o mesmo asesoramento técnico externo, pero houbo variacións no persoal propio da conserveira: constituíuse o departamento específico de medio ambiente.

No camiño cara á certificación puntualizamos como tarefas dunha especial dedicación as seguintes:

- A elaboración da política ambiental por parte da dirección.
- A RAI, unha vez máis, foi o punto de partida para establece-los primeiros obxectivos e metas ambientais.
- Dentro do control operacional, o vector refugallos: separación dun maior número de refugallos coa compra adicional de colectores; xestores e transportistas autorizados para cada refugallo; delimitación dun espazo de almacenaxe logo da recollida; formación de todo o persoal sobre unha correcta separación de refugallos; control do volume de refugallos; xestión de refugallos perigosos.
- Distribuír, controlar e arquivar-la da documentación do SXA (procedementos, instrucións, rexistros formalizados) en cada posto de traballo.
- A elaboración do “Plan de emerxencia ambiental”.
- Potenciar canles de comunicación internas.
- A formación ambiental do persoal: son requisitos da norma “difundi-la política ambiental e unha formación básica en temas ambientais” a todo o persoal que desenvolva a súa actividade na empresa.

Durante o período de implantación, esa formación impártese a pé de planta a modo de “charlas de formación” por parte dos membros do equipo de traballo e a pequenos grupos de traballadores dentro do horario laboral: coñece-los aspectos ambientais derivados da súa actuación laboral, a importancia de separar correctamente os refugallos, cómo actuar no caso de situacións de emerxencia, ónde localiza-las fichas de produtos químicos, a quen dirixirse no caso de observar algo incorrecto, qué é iso da política ambiental e por qué se fai esta charla (aquí é por onde se comeza).

Esta formación foi reunida e impresa como “documento de formación básica”.

Tras nove meses de intenso traballo, o SXA de Jealsa-Rianxeira (Bodión) era certificado segundo a norma ambiental UNE EN ISO 14001.

#### **4.4. CUSTOS**

O capítulo “Repercusións económicas da xestión ambiental” afrontou de forma teórica este punto. A aplicación práctica tradúcese no desembolso dunha boa cantidade de pesetas, aínda moeda oficial. Non se dispón de cifras totais porque naquel momento non existía un orzamento ambiental; os gastos repartíronse entre varios departamentos.

Recibiuse unha colaboración monetaria por parte da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, que aprobou e achegou as subvencións para “Boinersa: certificación dun sistema de xestión ambiental mediante a norma ISO 14001” e pa-

ra “Implantación dun sistema de xestión ambiental ISO 14001 no centro de produción de conservas de atún no Bodión”.

## 5. EMPRESA E ADMINISTRACIÓN

No eido ambiental esta relación defínese en dúas palabras: *simplemente formal*.

A administración é a entidade de xestión de permisos, licencias, autorizacións, etc.; actúa como organismo de control realizando inspeccións; é fonte de emisión de DCS para a xestión de refugallos perigosos; é punto de recepción de comunicacións “traslado previo de refugallos”, datos, controis analíticos, documentos que resumen distintos vectores ambientais que solicita ou que se lle envían segundo o especificado no noso SXA, etc.; e é o organismo que concede ou denega as subvencións que se lle solicitan para proxectos ambientais de investigación e desenvolvemento.

## 6. XESTIÓN AMBIENTAL ACTUAL

Falar sobre o que se fai na empresa desde o punto de vista ambiental é o tema que se pediu desenvolver. Pero é difícil resumir todo o esforzo, o traballo e o tempo empregados na implantación, no desenvolvemento e na mellora do sistema de xestión da empresa.

Actualmente o SXA atópase na fase de “maduración” que ten como finalidade consolidar e mellora-la actuación ambiental día a día: ese é o traballo e o SXA é a ferramenta.

Para describi-lo sistema actual pártese dos seguintes procedementos:

- Estúdase o desenvolvemento de novas operacións que xeran aspectos e impactos novos que hai que avaliar.
- Co servizo de lexislación contratado e o acceso a distintas páxinas web recíbese a información das novas publicacións lexislativas aplicables; o estudo do seu contido pode demandar actuacións concretas.
- Cunha periodicidade anual establécese un programa de obxectivos e de metas ambientais. A orixe dos obxectivos é variada: actuacións negativas, desconformidades atopadas, reducións, consecuencias de revisión... Defínese a responsabilidade de levar a cabo o obxectivo nun período de tempo determinado e establecendo uns indicadores de seguimento.

Como exemplo práctico podemos sinalar que a finais de ano os departamentos de Medio Ambiente, Calidade, Formación (RR.HH.) e Investimentos terán contribuído a executar de maneira positiva o plan 2002 de obxectivos e metas de Jealsa-Rianxeira (Bodión).

- A formación é o reto de cada ano.  
O plan de formación nace das necesidades detectadas no persoal ou solicitadas de modo particular ou en grupo; xestiónanse os cursos establecendo unhas prioridades. Durante o ano complétase, pois xorden cursos específicos, charlas dalgunha firma concreta...  
A formación interna xeralmente é impartida por persoal do departamento e mediante colaboracións do persoal de planta con formación específica nalgún tema concreto e con eficaz metodoloxía docente.  
A formación externa “puntual”, referíndonos a cursos ou a charlas destinadas a un grupo pequeno de persoas, depende economicamente da empresa. Se se trata dun curso externo cun bo número de persoas que necesita de medios materiais específicos, permisos especiais para realización de determinadas prácticas, profesorado especializado..., estase falando de cursos subvencionados e do comezo de xestións continuas que se fan interminables.
- As canles de comunicación externa lograron o seu fin (os rexistros así o confirman), o esforzo da empresa céntrase en avanzar na comunicación interna a pé de planta: conseguir que o persoal manifeste as súas inquedanzas ambientais, que achegue ideas, que comunique as desconformidades ambientais que detectan. Hoxe en día realízase a través dun caixa de correo de suxestións, pero o reto é establecer unha comunicación directa.
- A documentación do SXA (manual, procedementos, instrucións, rexistros) atópase recollida por escrito e en soporte informático.  
A metodoloxía para controlar e distribuír esta documentación defínese nun procedemento do sistema que foi obxecto de varias revisións desde que se implantou. En Boinersa o control e a distribución da documentación entre os operarios é máis sinxela (menor número de empregados) ca na conserveira; nesta utilízanse varias vías: e-mail, entrega en man (por exemplo, unha instrución para persoal cunha tarefa específica); rexístrase cada entrega e procedese á eliminación de edicións anteriores.  
Para consulta-las fichas de seguridade dos produtos químicos, por exemplo, ou para consulta-lo plan de emerxencia, o persoal desprázase ós “postos de control” da planta (o documento de formación básica indica a súa localización).  
O responsable de medio ambiente é o encargado do arquivo e do control dos rexistros derivados dos distintos procedementos.
- Controla-las emisións á atmosfera, o ruído ambiental, a calidade da auga vertida, a xestión de refugallo, a estanquidade dos tanques, a calibración dos instrumentos de medida, etc. é controlar tódalas operacións relacionadas cos aspectos e cos impactos derivados da nosa actividade.  
Non se van encher páxinas describindo cada actuación de control de cada vector ambiental, senón que se fará fincapé na que supón un maior esforzo neste momento: a xestión de refugallo.

Durante o proceso productivo a conserveira xera unha gran variedade e un importante volume de refugallos. A súa entrega a xestores autorizados require dunha correcta separación na orixe que facilite o tratamento posterior.

A entrega de refugallos asimilables a urbanos e de industriais non perigosos prográmase cos xestores autorizados da zona. Os refugallos perigosos requiren unha maior dedicación: notificacións de aviso previo á Administración, documentos de control e de seguimento e fichas de comprobación de carga e cartas de porte que hai que cubrir, entrega de fichas de seguridade do refugallo... En resumo, unha serie de trámites.

Isto é hoxe, pero longo foi o camiño percorrido: a separación de refugallos amploise, de entrada, á formación do persoal, seguida da compra de colectores novos e de novas etiquetas. Foi necesario buscar novos xestores coas súas autorizacións en regra, comunicacións continuas con estes para a confirmación da aceptación dos refugallos, novos formatos de rexistros, arquivo de toda a documentación... e así se melloraba a xestión dos refugallos industriais non perigosos.

Hoxe en día moitas empresas da zona caeron na conta do gran negocio que supón a xestión dos refugallos e móvense a pasos axigantados para obte-las debidas autorizacións. Non caben dúbidas legais de que é unha vantaxe para nós, porque unha maior competencia tende a ofrecer uns mellores prezos.

Non se mencionou que se estaba a falar de refugallos industriais non perigosos, porque o campo da xestión de refugallos perigosos estréitase: menor número de xestores, dado que o investimento que supoñen as instalacións e a tecnoloxía de tratamento é moi forte, pautas claras de documentación pola estreita relación coa Administración e unha boa cantidade de diñeiro que hai que desembolsar.

A xestión de refugallos supón unha parte importante do noso orzamento polo que non é de estrañar, daquela, o estudio e a investigación de alternativas operativas e tecnolóxicas viables neste campo. Un exemplo práctico na nosa empresa: a compra dunha “prensa de latas”: a produción diaria xera unha cantidade de latas que hai que retirar. Son as “latas rexeitadas” que se lle envían ó xestor autorizado que se despraza desde unha provincia veciña. Cando se valida a factura, compróbase que resulta máis caro se a leva o transporte, pois as latas ocupan un gran volume pero pesan moi pouco. A compra da prensa supón un aforro total: os paquetes de latas así prensados interesáronlles a un par de empresas autorizadas da zona dedicadas á reciclaxe de metais.

- Nos distintos “postos de control” da planta atópanse copias do plan de emerxencia ambiental (no documento de formación básica concrétanse as localizacións). Este documento recolle pautas de actuación en casos como fugas, derrames, lumes...

A mellora está enfocada a esperta-lo interese do persoal para que, no caso de materializarse algunha das situacións descritas, responda de maneira positiva.

En colaboración co mantemento realízanse revisións periódicas deste plan.

Unha boa parte da formación deste ano está orientada ó coñecemento e ás actuacións ante posibles situacións de emerxencia.

- Dise que o Departamento de Medio Ambiente ten *o bo costume de levantar desconformidades*, pero cando o departamento é obxecto delas é cando executa as auditorías.

As auditorías internas xerais prográmanse dentro do “Plan anual de auditorías”, no que tamén se inclúen as datas das auditorías externas.

O persoal interno do departamento foi formado como auditor interno; outros membros do cadro de persoal foron cualificados nesta materia para audita-lo noso traballo.

Nas auditorías externas, programadas con antelación, o equipo auditor, seguindo unha metodoloxía preestablecida, avalía a adecuación da xestión ambiental ós requisitos da norma.

Cómo debe realizarse a auditoría, as características do auditor, a preparación, a programación... son temas dunha boa clase teórica.

- Periodicamente, en reunións ou a través de informes, a dirección ten coñecemento do desenvolvemento xeral da xestión; pero é a finais de ano cando se afonda na análise do que foi o traballo de todo un ano: plans concluídos, desconformidades destacadas, dificultades, deficiencias, etc. Desa revisión xorden os novos plans de actuación (metas que se queren lograr, dotacións económicas...) no obxectivo fundamental: a mellora continua da nosa xestión ambiental.

## **BIBLIOGRAFÍA**

CIP (2002): *Master Medio Ambiente*.